



Expediente:2026/G003/000233

Manuel Ángel Leis Miguez, alcalde – presidente do Concello de Negreira, na Provincia de A Coruña

Tras resolución favorable do programa publicado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da orden do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2026, procédese a tramitar a oferta á oficina de emprego tal e como se recolle no artigo 14.

Unha vez recibidos os candidatos/as preseleccionados, procédese a aprobar a listaxe definitiva das persoas aspirantes, que presentaron a documentación para participar no programa descrito, así como o nomeamento do tribunal e as datas do concurso e oposición, considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte listaxe de admitidos e excluídos no proceso, Galicia Suma Talento:

APELIDOS E NOME	DNI	ESTADO	CELGA
ALFONSÍN PEDRARES MARÍA JOSEFA	*****05-E	EXCLUÍDA (*)	NON APORTA CELGA
ÁLVAREZ VILAS SERGIO	*****24-X	ADMITIDO	
BALLESTEROS BERZOSA ROCÍO	*****94-Q	ADMITIDA	SOLICITA EXAME CELGA 3
BARBEITO ALFONSÍN NOEL	*****85-J	ADMITIDO	
BAÑA BAAMONDE MANUEL	*****94-V	ADMITIDO	
BREA FONTÁNS PABLO	*****19-H	ADMITIDO	PENDENTE CELGA 3
BUELA SAMPEDRO NATALIA	NP	NP	
GARCÍA QUINTÁNS INÉS	*****80-H	ADMITIDA	
MANCEBO PÉREZ JACOBO	*****39-T	ADMITIDO	
MARTÍNEZ MAYO RUBÉN	NP	NP	
MORENO LÓPEZ DAVID	*****22-E	ADMITIDO	
RIVEIRO SUÁREZ MARÍA OBDULIA	NP	NP	
RIVERO GARCÍA LUIS AUGUSTO	*****08-Y	ADMITIDO	SOLICITA EXAME CELGA 3
VÁZQUEZ BLANCO PABLO	*****84-B	ADMITIDO	

(*) Non aporta requisito punto 4.f)



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Segundo: Nomear o seguinte Tribunal de Selección;

Presidenta; Sonia Nieto López (Orientadora Laboral do Concello de Negreira)
Suplente: Maria Cristina Pereira Ulla (Técnica formación Concello de Santa Comba)
Secretaria: Sonia Ponte Esturao (AEDL Concello de Negreira)
Suplente: María Luz Vieito Díaz (Técnica de Recursos Humanos Concello de Santa Comba)
Vogais:
Ana Lucía Calviño Canedo (AEDL Concello de Val do Dubra)
Suplente Vogal 1, Andrea Muíño Quintáns.
Gonzalo Trillo Suárez (Oficial de 2ª Concello de Negreira)
Suplente Vogal 2, Maria Paz Teijelo Mancebo
Patricia Barreiro Casal (Administrativa Concello de Negreira)
Suplente Vogal 3, Carmen Cerviño Leis

Terceiro: Fixar as seguintes datas para a elaboración das probas:

1) Exercicio práctico. (Máx. 10 puntos) Eliminatoria

A proba práctica será a primeira en desenvolverse, despois procederá a realizar o exercicio tipo test só no caso de superar a primeira, ámbalas dúas probas teñen carácter eliminatorio.

Esta proba práctica ten carácter **obligatorio e eliminatorio**, consistirá na realización dunha práctica co equipo de traballo que van a empregar no posto. Este equipo de traballo está directamente relacionado coas funcións a desenvolver. Para a elaboración desta proba establece un tempo de 10´.

O Tribunal valorará:

- A rapidez. (máximo establecido 10´).
- A correcta execución da proba.(destreza)
- A correcta colocación dos epis. (mantemento preventivo)
- A correcta manipulación durante a execución, así como o seu apagado. (correcta ergonomía)

Lugar de realización: Almacén de Obras, (Sótano) (Edificio IESP Vello.- Rúa Castelao).

Día: Xoves, 04 de Xuño de 2026.

Hora: 08:30

Cuarto: Os/As aspirantes deberán de vir, con roupa cómoda e con zapatos preferiblemente con reforzo na punteira ou similares, xa que dende o concello resulta inviable ter a disposición dos opositores este epi.

Quinto: Os/As aspirantes serán chamados en intervalos de 15´, na orde que aparece no punto primeiro deste decreto, tendo en conta que a proba práctica dará comezo as 08:30 da mañá. Deste xeito intentarase non formar colas, nin agardas.



APELIDOS E NOME	HORA PROBA
ÁLVAREZ VILAS SERGIO	08:30
BALLESTEROS BERZOSA ROCÍO	08:45
BARBEITO ALFONSÍN NOEL	09:00
BAÑA BAAMONDE MANUEL	09:15
BREA FONTÁNS PABLO	09:30
GARCÍA QUINTÁNS INÉS	09:45
MANCEBO PÉREZ JACOBO	10:00
MORENO LÓPEZ DAVID	10:15
RIVERO GARCÍA LUIS AUGUSTO	10:30
VÁZQUEZ BLANCO PABLO	10:45

Sexto: Os/As aspirantes que non sexan eliminados desta primeira proba, pasarán a realizar o seguinte exercicio tipo test, formado por vinte e cinco preguntas (25) tipo test sobre o temario descrito nas bases, durante un tempo máximo de corenta minutos (40'). O test contará con tres posibles respostas, sendo tan só unha delas a correcta, as contestacións erróneas non se valorarán negativamente. Esta proba será **obrigatoria e eliminatoria**. A puntuación máxima é de 10 puntos. A razón de 0,40 puntos cada pregunta contestada correctamente, para a superación de dita proba será preciso obter unha cualificación mínima de 5,20 puntos. (13 preguntas contestadas correctamente).

**Lugar de realización: Telecentro da Casa da Cultura. (R/carreira de San Mauro nº11).
1º andar.**

Día: martes, 09 xuño de 2026.

Hora: 10:00

Sétimo: Os/As aspirantes que non presentaron o Celga 3, deberán asistir a un exame que en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter **obrigatorio e eliminatorio**.

Os/as participantes que estean en posesión do Celga 3, poderán aportalo o día da proba práctica, (xoves 04 de xuño de 2026) e tras a súa comprobación quedarán eximidos da realización da exame de galego.

Este exame de galego Celga 3, ten un tempo de realización de 40' e consistirá en contestar a 15 preguntas, coa finalidade de avaliar a súa comprensión lectora en galego. Para aprobar dita proba hai que ter 8 preguntas contestadas correctamente.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

**Lugar de realización: Telecentro da Casa da Cultura. (R/carreira de San Mauro nº11).
1º andar.**

Día: mércores, 10 de xuño de 2026.

Hora: 09:00

As/Os aspirantes que non acreditaron o Celga 3, e están citados para a elaboración da proba, son os seguintes:

APELIDOS E NOME	CELGA 3
BALLESTEROS BERZOSA ROCÍO	Solicitudude exame
BREA FONTÁNS PABLO	Pendente aportar Celga 3
RIVERO GARCÍA LUIS AUGUSTO	Solicitudude exame

Para a elaboración desta proba, asistirá a normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra: Andrea Muíño Quintáns.

Oitavo: Tras a elaboración do exame tipo test e do exame de galego, este Tribunal comparecerá o mércores día 10 ás 10:00 para avaliar e puntuar a aqueles candidatos que presenten documentación xustificativa dos criterios establecidos como preferentes. (1 punto).

Noveno: Tras a publicación da listaxe provisional estableceranse 2 días hábiles, para posibles queixas ou reclamacións, tal e como se recolle no punto 6. das bases de aplicación. Esgotado este prazo publicarase a listaxe definitiva, así como a proposta para a contratación.

Décimo: Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Negreira á data da sinatura electrónica.

O Alcalde.

Manuel Ángel Leis Míguez